EVA LEGIDO

Investigadora en CINTECX

"A investigación require identificación, abstracción, imaxinación e capacidade de multitarefa, características que se ven representadas na muller."

Son enxeñeira industrial mecánica, dedicada a proxectos de I+D+i e homologacións, analizando estratexias para vehículos de transporte de pasaxeiros máis seguros, eficientes e sostibles, e buscando harmonizar a regulamentación a nivel mundial.

A investigación permíteme desenvolver capacidades técnicas, afrontando retos tecnolóxicos sen solución clara, e reorientando proxectos para acadar o éxito.

O traballo en I+D+i require idear e seleccionar proxectos, analizando múltiples factores e pensando a longo prazo para reducir riscos e garantir o éxito.

Os proxectos de I+D+i en transporte contribúen a unha sociedade máis segura e sostible, desenvolvendo vehículos que integran compoñentes urbanos nun ecosistema global.

Ás mozas diríalles que todos os individuos poden desenvolver o máximo das súas capacidades e que todas as características necesarias para investigar vense representadas na muller, o que as fai idóneas para este tipo de proxectos.